

MATERIA
Multimedia: Teoría, técnica e aplicacións

unidade
didáctica
4

TITULACIÓN
Grao en Xornalismo

Ciencias Sociais e Xurídicas

O desafío das narrativas móbiles

Alba Silva Rodríguez

Área de Xornalismo
Departamento Ciencias da Comunicación
Facultade de Ciencias da Comunicación

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

usc.gal/publicacions

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155108>

MATERIA: Multimedia: Teoría, técnica e aplicacións

TITULACIÓN: Grao en Xornalismo

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. O ciberxornalismo. Panorama actual e perspectivas

Novo nome para una nova forma de facer xornalismo

Características da linguaxe ciberxornalística

O impacto das ferramentas tecnolóxicas

Unidade II. A dimensión multimedia

A linguaxe multimedia. Elementos definitorios

Elementos definitorios do produto informativo multimedia

Teoría e técnica da multimedialidade. Unha visión a partir dos autores

Unidade III. A narrativa dixital. Da man da narrativa hipertextual e da narrativa multimedia

O valor da interactividade

Orixe e evolución da narrativa hipertextual e multimedia

Tendencias actuais: modelos e formatos de narrativas multimedia

A construción das mensaxes en clave multimedia e interactiva: a reportaxe multimedia

Unidade IV. O desafío das narrativas móbiles

Introdución ao xornalismo móbil

Adaptación de contidos a novos soportes dixitais

Redes sociais e uso do vídeo móbil

Unidade V. Creación de contidos móbiles multimedia e xestión multiplataforma

Modelos informativos para o xornalismo móbil

MojoKit: dispositivos e equipamento para o xornalismo móbil

Consellos para a edición e a gravación dende o móbil

Unidade VI. Condicións tecnolóxicas e culturais actuais

Novas competencias tecnolóxicas para os xornalistas

A verificación de feitos e o fact-checking

Debates arredor dos retos e desafíos do impacto tecnolóxico

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

ACTIVIDADES PROPOSTAS

CONTIDOS

1. Que é o xornalismo móbil?
 - 1.1. Características do xornalismo móbil
 - 1.2. Cambios na difusión, produción e recepción
2. Adaptación de contidos a novos soportes dixitais
 - 2.1. Etapas do xornalismo móbil
 - 2.2. Pioneiros do xornalismo moxo
 - 2.3. Exemplos de xornalismo móbil
3. Redes sociais e uso do vídeo móbil

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A unidade didáctica «O desafío das narrativas móbiles» pertence á materia Multimedia: Teoría, técnica e aplicacións, correspondente ao terceiro curso do Grao en Xornalismo. Segundo o plan de estudos da titulación (BOE nº 56, do 5 de marzo do 2010), esta materia ten carácter obrigatorio. A súa carga lectiva é de 6 créditos ECTS e impártese no primeiro cuadrimestre.

A materia Multimedia: Teoría, técnica e aplicacións ten como finalidade ofrecerlle ao alumnado coñecementos arredor da orixe e desenvolvemento das características da linguaxe multimedia informativa. Abrangue unha explicación arredor do papel da interactividade nas narrativas hipertextuais e multimedia nos contextos informativos actuais. Contémplase o novo campo do xornalismo multiplataforma, especialmente no referido aos dispositivos móbiles, xa que supoñen un horizonte de futuro no campo da comunicación. Os contidos desta materia desempeñan un papel fundamental na titulación do Grao en Xornalismo, dado que está situada na primeira parte dun itinerario de materias relacionadas coa aplicación das tecnoloxías actuais á produción de contidos informativos. Ten especial relación con aquelas que tratan contidos de técnicas e tecnoloxías para os medios de comunicación, así como as relativas a construción de mensaxes informativas —especialmente, Redacción informativa, Xéneros informativos e Xéneros informativos e interpretativos—.


A programación docente da materia Multimedia: Teoría, técnica e aplicacións está formada por seis unidades didácticas. Aquí preséntase a cuarta, na que se aborda o tema dos desafíos das narrativas xornalísticas móbiles. Os contidos desta xirarán arredor do estudo da orixe e evolución da linguaxe multimedia, así como das súas características. O programa inclúe cuestións relativas o concepto de multimedia e os diferentes modelos e formatos de narrativas que se foron consolidando nos cibermedios no novo contexto multiplataforma.

O estudantado afondará no contexto da produción de contidos para dispositivos móbiles. Trátase de que coñeza os novos modelos multimedia que emerxen da man das novas tecnoloxías. Neste senso, o alumnado vai ser quen de construír as súas propias historias xornalísticas multimedia non lineais cos recursos explicados polo profesorado. Ademais, amosaranse algúns dos produtos de éxito presentes nas plataformas móbiles dentro do eido dos medios de comunicación e das industrias culturais. Os estudantes analizarán a estrutura que seguen os contidos nas novas plataformas e participarán en talleres prácticos e debates orixinados arredor desta temática.

Esta unidade persegue, entre outras cousas, exercitar o espírito crítico dos alumnos. Neste senso, é preciso establecer unha reflexión profunda acerca do significado do multimedia, do xornalismo e da evolución e influencia que as novas tecnoloxías teñen no quefacer profesional. Para iso, o profesorado encargárase de proporcionarlles os estudantes diversos textos e material a partir dos cales poder reflexionar e sacar conclusións.

Os contidos impartiranse en 6 horas expositivas e 3 horas prácticas.

Figura 1: Programación docente da materia
Multimedia: Teoría, técnica e aplicacións



Fonte: Elaboración propia

OBXECTIVOS

A materia Multimedia: Teoría, técnica e aplicacións, impartida no terceiro curso do Grao en Xornalismo, ten como obxectivo prioritario dotar o alumnado de coñecementos arredor da orixe e desenvolvemento das características da linguaxe multimedia informativa e entender o papel da interactividade nas narrativas hipertextuais e multimedia nos diferentes contextos informativos. Ademais, o alumnado coñecerá cales son os novos xéneros que emerxen no eido do xornalismo móbil e identificará a estrutura multimedia, interactiva e hipertextual que se dá no novo soporte, así como as características específicas que teñen os novos dispositivos á hora de transmitir os contidos xornalísticos. Así, os obxectivos xerais desta unidade didáctica son os seguintes:

- **obxectivo xeral 1:** Entender as características da linguaxe multimedia no contexto multiplataforma;
- **obxectivo xeral 2:** Analizar modelos e formatos de narrativas multimedia tanto para a web como para os dispositivos móbiles;
- **obxectivo xeral 3:** Elaborar pezas informativas con linguaxe multimedia;
- **obxectivo xeral 5:** Aprender a crear contidos en soportes multiplataforma.

As competencias da titulación ás que contribúe a materia son as seguintes:

- **CB4:** Que os estudantes poidan comunicar información, ideas, problemas e solucións a públicos especializados e non especializados;
- **CX1:** Competencia contextual básica de orde transdisciplinar;
- **CX2:** Competencia contextual para situar o xornalismo no campo da comunicación;

Pola súa banda, as competencias específicas desta unidade didáctica son as seguintes:

- **CE05:** Coñecer os mecanismos de transmisión de mensaxes informativas a través dos medios de comunicación audiovisuais;
- **CE07:** Coñecer as técnicas para a creación de produtos multimedia;

Tamén, as competencias transversais que son:

- **CT1:** Capacidade de organización e planificación;
- **CT2:** Capacidade de xestionar a información;
- **CT3:** Traballo en equipo;
- **CT5:** Creatividade;
- **CT6:** Iniciativa e espírito emprendedor;
- **CT7:** Coñecementos básicos da profesión.

A cuarta unidade didáctica introduce o alumnado no xornalismo móbil, definindo o concepto e explicando as súas características e evolución. Tamén se explica como se adaptan os contidos aos novos soportes dixitais e estúdase o uso do vídeo nas redes sociais. Tendo en conta os obxectivos propostos nesta unidade, á súa finalización o alumnado deberá ser capaz de:

- **obxectivo 1:** Definir que é o xornalismo móbil e como evolucionaron os contidos dende o seu nacemento;
- **obxectivo 2:** Coñecer exemplos da adaptación de narrativas ao escenario móbil;
- **obxectivo 3:** Identificar os principais exemplos do uso de vídeo móbil nos medios, con especial atención aos contidos das redes sociais.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

En liña co modelo do Espazo Europeo de Educación Superior, para o ensino da materia combinaranse as clases expositivas coas interactivas, sendo complementadas con titorías.

As clases expositivas constitúen o epicentro do desenvolvemento do programa docente da materia. Nestas sesións, o profesorado explicará os contidos teóricos contando con material de apoio como gráficos, noticias ou outro tipo de documentación que sirva para fixar os contidos explicados. Buscarase a participación activa e dinámica do alumnado nas clases teóricas, a través da reflexión, o argumento

e o debate. Así mesmo, propiciárase a indagación arredor dos conceptos sobre os que xira a materia.

Por outra banda, o alumnado contará co apoio e orientación do profesorado, tanto para a realización das actividades propostas ao longo do curso como para calquera outra consulta ou dúbida. Neste sentido, as titorías constitúen un sistema pedagóxico complementario ás clases, cuxo obxectivo é facilitar e fomentar a comunicación e o intercambio de opinións entre o profesorado e o alumnado. O seu obxectivo esencial é o de constituírse nunha continuación das clases, que permitan resolver as dúbidas que non quedasen suficientemente clarificadas e, sobre todo, guiar o alumnado naqueles traballos que estean desenvolvendo.

O docente tamén fará uso do Campus Virtual para ofrecerlle ao alumnado o seguimento das sesións teóricas e prácticas aportando material complementario de interese e usando os foros de debate. Esta última ferramenta será de grande utilidade, pois empregárase ao remate de cada unidade didáctica como plataforma para resolver dúbidas e promover a interactividade dos estudantes.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Co obxectivo de afondar e poñer en práctica os contidos teóricos amosados nas sesións expositivas, dedícanse tres sesións interactivas para esta unidade didáctica. Nestas clases realizaranse exercicios co fin de avaliar o grao de coñecemento do alumnado sobre algunhas das cuestións abordadas previamente. Deste xeito, propóñense as seguintes actividades:

- Debate arredor dos exemplos que os alumnos deben presentar na aula sobre as súas propias indagacións no eido da inmersión dos cibermedios no xornalismo móbil. Farase un contraste entre os medios locais, nacionais e internacionais. Esta tarefa será grupal e relaciónase cos contidos teóricos da epígrafe 2.3.

Indicacións: O debate establecerase de acordo coas seguintes pautas, tendo en conta que un equipo argumentará a favor e o outro en contra:

- a) Exposición inicial: cada un dos equipos debe expoñer a liña argumental principal e debe desenvolvela brevemente
- b) Primeira refutación: cada un dos equipos rebaterá o discurso inicial do contrario e desenvolverá algunhas ideas presentadas na exposición inicial
- c) Segunda refutación
- d) Conclusión: Os equipos realizarán un resumo persuasivo do debate, sen aportar datos ou argumentos novos

Os argumentos deben ser completos e claros. As afirmacións sempre deben ir acompañadas de razoamentos e dunha ou varias evidencias que os sosteñan.

Os tempos de desenvolvemento das exposicións serán os seguintes:

- a) Exposición inicial: equipo a favor (4 minutos) e equipo en contra (4 minutos)
- b) Primeira refutación: equipo a favor (5 minutos) e equipo en contra (5 minutos)
- c) Segunda refutación: equipo a favor (5 minutos) e equipo en contra (5 minutos)
- d) Conclusión: equipo a favor (3 minutos) e equipo en contra (3 minutos)

As infraccións referidas aos tempos establecidos, ao respecto do adversario, á información non documentada, así como a comunicación verbal ou xestual con persoas diferentes aos propios alumnos dun equipo serán obxecto de penalizacións que o profesorado determinará. Realizarase un sorteo para determinar a posición a favor ou en contra de cada equipo. Durante os tempos de exposición inicial e conclusións non se poden facer preguntas nin interromper ao orador que realiza a exposición. Durante as quendas de refutación si que se poden formular preguntas. Para iso, calquera membro do equipo pode levantar a man para interpelar o orador do equipo contrario e facer as observacións, comentarios ou preguntas que estime, nun tempo non superior a 20 segundos cada unha. Non se permite a utilización de medios técnicos (*powerpoint*, vídeos ou reproducións de son). É aconsellable o uso de documentos gráficos ou carteis que apoiem as argumentacións dos equipos. Os equipos deben axustarse ao tempo de cada unha das intervencións. Valorarase que expoñan, refuten ou realicen as conclusións sen ler un texto. Poden apoiar as súas intervencións en notas que teñan.

Contémpanse unha serie de penalizacións:

Faltas leves:

Prolongación da exposición, por máis de 5 segundos, unha vez finalizado a quenda

Interromper ao orador do equipo contrario durante a súa exposición sen que se lle dera permiso para preguntar

Facer preguntas de máis de 15 segundos

Concluir a quenda de intervención faltando máis de 30 segundos para chegar ao tempo establecido en dita quenda

Expor citas ou datos falsos sen contrastar

Faltas graves:

Acumulación de dúas faltas leves

Falta de puntualidade: ata 15'

Actitudes ofensivas ou que denoten menosprezo co outro equipo

- O segundo exercicio ten un carácter máis experimental. O alumnado terá que enfrontarse á primeira práctica individual relacionada cos novos formatos do xornalismo móbil. Será unha tarefa grupal dividida en dúas partes. En primeiro lugar, presentaranse varias informacións de actualidade para que os estudantes as difundan a través dos microformatos móbiles. O alumnado debe escoller aqueles que mellor se adapten ás noticias presentadas e desenvolver as narrativas empregando diferentes aplicacións propostas polo profesorado. As opcións son as seguintes:
 - a) Un audiograma para compartir en redes sociais. Poderanse utilizar as seguintes aplicacións: *Headliner*, *Wavve* ou *Audiogram*.
 - b) Unha imaxe interactiva. Poderanse empregar os seguintes recursos: *Soundcircles* (iOS e Android) ou *Jamsnap* (iOS).
 - c) Un vídeo (formato *mobile shots*) de menos dun minuto de duración. Poden ser de utilidade as seguintes ferramentas: *Kinemaster* ou *Quik*.

CONTIDOS

Esta unidade didáctica define que é o xornalismo móbil, así como as súas características e evolución. Identifícanse algúns dos exemplos máis representativos no eido dos medios dixitais, radiofónicos e televisivos e explícanse os fundamentos das redes sociais e o potencial do vídeo móbil.

1. Que é o xornalismo móbil?

O xornalismo sufriu unha gran transformación e beneficiouse de múltiples innovacións tecnolóxicas nos últimos anos. Entre os desenvolvementos tecnolóxicos, destaca a aparición dos teléfonos intelixentes e a tecnoloxía dixital e Wi-fi, que cambiaron profundamente o xornalismo. O teléfono intelixente non se converteu unicamente nun dispositivo crucial para o consumo de noticias, senón que proporciona múltiples recursos para que os xornalistas poidan empregalo como ferramenta de produción de contidos.

O xornalismo móbil, tamén denominado *Mojojournalism*, refírese ao proceso de recompilación e distribución de noticias mediante unha plataforma móbil (teléfono intelixente, tableta, reloxo, etc.). Trátase dunha maneira innovadora de facer xornalismo. Cun teléfono intelixente, os xornalistas están facultados para cubrir case calquera historia de maneira oportuna. Ademais, é especialmente útil para abordar acontecementos de última hora.

1.1. Características do xornalismo móbil

O xornalismo móbil contempla unha serie de características, vantaxes e fortalezas que identificamos a continuación:

- Mobilidade: Favorece a conexión continua e ubicua coa información e posibilita chegar a lugares que antes eran inaccesibles;
- Baixo custo: O xornalismo móbil aforra diñeiro. Un bo equipo custa menos duns mil euros, aproximadamente, co cal se pode aforrar en custos de produción;
- Seguridade: Dise que o móbil mellora a seguridade dos xornalistas. O uso do teléfono intelixente na vez dun equipo de gran peso, permítelles aos profesionais ser menos perceptibles e máis capaces de mesturarse entre a multitude;
- Vídeo directo (*Streaming*): Os dispositivos móbiles permiten a emisión en vivo dunha maneira máis sinxela e menos custosa ca tradicional. As aplicacións de transmisión en vivo facilitaron este proceso e a difusión de contidos a través de redes sociais permíteselles aos xornalistas interactuar coa audiencia mentres transmiten;
- Calidade 4k: As novas xeracións de teléfonos intelixentes permiten gravar, editar e subir vídeos en calidade 4K. Aínda que a maioría das cámaras de TV e os sistemas de edición seguen sendo HD, os dispositivos móbiles ofrecen xa unha calidade superior;
- Eficiencia: Transmisión en directo á sala de redacción. Posibilidade de gravar, editar e deseñar dende o propio dispositivo;
- Comunidade: Posibilidade de integrar á audiencia e facela partícipe dos contidos a través das redes sociais;
- Xeolocalización: Contextualizar os contidos valéndose da localización de fontes próximas ao lugar onde ten lugar o acontecemento.

1.2. Cambios na difusión, produción e recepción

O xornalismo móbil propicia unha serie de cambios que afectan á maneira na que se emiten, crean e reciben os contidos informativos.

Por unha banda, xorden novos modelos de distribución. As tecnoloxías móbiles enmárcanse no escenario da ubicuidade favorecendo un consumo ubicuo ou, o que é o mesmo, aquel que se realiza dende calquera lugar e en calquera momento. As redes sociais propician este novo modelo de recepción de contidos instantáneos e directos.

En segundo lugar, orixínanse mutacións nos contidos xornalísticos. Pásase da información monomedia á multimedia e os contidos convértense en interactivos, inmersivos, transmedia, adaptados e personalizados de acordo cos intereses e inquiredanzas da audiencia.

Por último, prodúcense cambios na recepción. Do consumo de medios tradicionais (ex: familia reunida no sofá para ver a televisión) pásase ao consumo incidental, personalizado, individual e xeolocalizado.

2. Adaptación de contidos a novos soportes dixitais

Os produtos informativos mudan, como se indicou previamente, co impacto tecnolóxico. Isto dá lugar á aparición de novos xéneros e formatos con características específicas. Coa aparición do xornalismo móbil, moitos medios de comunicación experimentaron co desenvolvemento de produtos especificamente pensados para o seu consumo en mobilidade. Existen diferentes estratexias neste ámbito. Nesta epígrafe explícanse algúns exemplos relacionados con experiencias dos medios dixitais, radiofónicos e televisivos.

2.1. Etapas do xornalismo móbil

Para entendermos o impacto dos dispositivos móbiles no eido do xornalismo debemos situarnos nas diferentes fases de adaptación dos contidos informativos na nova plataforma. Cebrián e Flores Vivar coinciden en apuntaren tres etapas (Cebrián e Flores Vivar, 2011: 141-42):

- Adaptación (2003-06): Séguense os parámetros formais e estruturais das edicións web. Nesta fase popularízanse as alertas SMS;
- Autonomía (2007-10): Esta etapa coincide coa introdución de Internet para o móbil. Comeza a xurdir unha identidade propia nos contidos e emerxe unha estrutura adaptada ao soporte. Durante este período é importante destacar o lanzamento do iPhone de Apple, en xuño do 2007. O invento de Steve Jobs marcou un auténtico punto de inflexión e abriu, ademais, o camiño cara á revolución das aplicacións. Isto trouxo canda si unha maior interactividade dos usuarios cos seus dispositivos e unha navegación máis interactiva e participativa.
- Emancipación (2010-Actualidade): Caracterízase pola popularización dos *smartphones*, da rede 3G e 4G e das aplicacións propias para acceder aos contidos dos medios de comunicación e das *widjets*.

2.2. Pioneiros do xornalismo mojo

A partir do ano 2007 moitos medios dixitais comezaron a experimentar coas tecnoloxías móbiles cubrindo acontecementos integramente con estes dispositivos. Tal foi o caso, por exemplo, da axencia *Reuters*. O seus xornalistas realizaron, grazas á colaboración con Nokia, a cobertura da semana da moda de Nova York, do festival de televisión de Edimburgo e do festival de Gadgetoff empregando uns dispositivos móbiles.

En 2008, durante as eleccións presidenciais de EUA, a axencia experimentou cunha versión beta de Qik, que permitía compartir en *streaming* un sinal de vídeo e audio directamente dende o móbil.

Sky News mercou no ano 2013 cen licenzas da app Dejero para que os seus xornalistas puidesen experimentar con esta nova tecnoloxía. Isto permitiulles retransmitir co móbil dende calquera lugar do mundo. Foi a primeira cadea en facer

un directo intercontinental cun iPhone e unha conexión 3G para informar sobre as protestas pola liberdade de expresión ás aforas dun xornal de China. Ademais, foi un dos medios pioneiros á hora de dotar á redacción de portátiles, cámaras dixitais e sofisticados equipos de audio móbil.

2.3. Exemplos de xornalismo móbil

Os medios de comunicación dixitais están experimentando nos últimos anos con formatos plenamente adaptados ao xornalismo móbil. A continuación, coñeceremos algúns dos exemplos máis representativos do panorama de medios nacionais e internacionais:

- En menos dunha década, o fotoxornalismo no teléfono intelixente abriuse camiño na cultura da sobre información, especialmente a través das redes sociais. No eido da fotografía destaca a reportaxe fotográfica realizada pola fotoxornalista brasileira Luissa Dörr para a revista *Time*. Co seu iPhone 7plus, retratou as 46 mulleres estadounidenses máis relevantes do país. Estas persoas, acostumadas ás grandes cámaras, lentes, flashes, maquilladores e decorados, foron fotografadas co silencioso clic dun teléfono móbil.
- No ámbito radiofónico os contidos tamén experimentan mutacións. A radio lineal vai perdendo forza nun contexto onde se demanda información atemporal, susceptible de ser consumida en diferido. As estratexias para cativar a unha audiencia acostumada ao “aquí e agora” non parecen congruentes cos bloques de seis horas baseados na emisión en directo. É por iso polo que xorde o podcast, un formato que vive unha época dourada e que aposta por contidos non lineais abrindo opcións para a externalización e a produción independente. A *Cadena Ser*, por exemplo, ten colaborado coa compañía de produción multimedia *Vice News* co fin de difundir as súas reportaxes de actualidade a través das ondas. Outra tendencia que cobra importancia na radio é a emisión visual de programas que, non só reforza o tratamento informativo, senón que se converte nunha linguaxe ideal para xéneros como o humor (o caso do experimento multisporte de *Oh My LOL* na *Cadena Ser*).

O audio, malia ser un dos formatos que presenta maiores dificultades para ser compartido, está cada vez máis presente nas redes sociais grazas á popularización de ferramentas de expansión coma *Clammr*, *soundBYTE*, *Radio Cut*, etc.). Os medios sociais serven, neste caso, como fórmula para promocionar locutores e espazos, captar oíntes e difundir contidos. Algúns dos formatos que acadan unha gran popularidade nas redes sociais son os audiogramas, arquivos de audio presentados a partir dun player de vídeo e acompañados dun pequeno frame que describe o seu contido principal. Os audiogramas poden reproducirse en *Twitter*, *Facebook* e *Instagram*.

- No contexto televisivo, é posible que os xornalistas realicen todo o seu traballo cun teléfono móbil. Existen exemplos de reporteiros que traballan

con kits multimedia, coma o reporteiro da *CBC*, Dan McGarvey. Este profesional produce contido para a radio, a televisión e as plataformas sociais cun teléfono intelixente. Outros xornalistas coma Dougal Shaw, da *BBC*, filman nun smartphone e editan nun sistema de escritorio coma *Final Cut Pro*. En España, Leonor Suárez —videoxornalista da *RTPA*—, é unha das pioneiras do xornalismo móbil. Conta con varios premios internacionais por reportaxes gravadas integramente dende os dispositivos móbiles. *Time to revenge* é un documental de cincuenta minutos, gravado cun iPhone 6S e editado nun iPad, a partir do cal narra a historia de Jesús Vázquez, un soldado que conseguiu escapar xusto cando ía ser fusilado días despois de que rematara a Guerra Civil en Asturias.

- Como exemplo paradigmático de uso do móbil na redacción destaca *Al Jazeera*. Xunto coa axencia *Reuters*, *Thomson Foundation* e a *BBC*, foron os pioneiros na posta en práctica do xornalismo moxo, capacitando os seus traballadores con equipos e usándoos nas propias operacións de transmisión. Medios coma o *The Washington Post* dispoñen de equipos especializados en probar e experimentar coas últimas innovacións tecnolóxicas. Presentaba a finais do 2020 o seu Lede Lab, un laboratorio conformado por seis profesionais ca fin de explorar o uso de tecnoloxías emerxentes, como a 5G, para desenvolver narrativas innovadoras. Entre os formatos que puxeron en marcha destaca unha liña do tempo inmersiva con 149 vídeos que reconstrúen os primeiros sete días de protestas de Minneapolis despois da morte de George Floyd.

3. Redes sociais e uso do vídeo móbil

O aumento de plataformas verticais como *Instagram Stories*, *Facebook Stories* ou *Snapchat*, creou unha demanda de vídeos en formato retrato que se poden reproducir e ver nos dispositivos intelixentes.

Diversos medios están experimentando con este proceso de creación e distribución. O vídeo, como un dos formatos máis consumidos a través dos dispositivos móbiles, adáptase ás condicións de visualización. O vídeo producido para o móbil tende a ser cada vez máis vertical e de curta duración. O vídeo cadrado ou 1:1 ten asemade unha presenza relevante como formato de transición entre o horizontal e o vertical grazas á súa adaptación para ser visualizado en distintas plataformas.

No panorama de medios tradicionais impresos, destaca a aposta do *The Wall Street Journal* polo vídeo móbil. *The Short Answer* é unha sección de vídeos breves, sociais, conversacionais e virais deseñados para adaptar o estilo de preguntas e respostas dos vlogs máis populares de YouTube. A *BBC* tamén incorpora este formato con vídeos de menos dun minuto onde se explican as informacións de maneira divulgativa e visual nas redes sociais. Soen etiquetarse con *hashtags*.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Esta unidade didáctica conta cun sistema de avaliación continua na que se contemplan os seguintes apartados:

- grao de coñecementos teóricos básicos sobre os temas da unidade;
- capacidade para reflexionar criticamente sobre o concepto e o nacemento do xornalismo móbil;
- demostración de coñecementos sobre os modelos de produtos multimedia móbiles;
- capacidade de elaboración de mensaxes informativas construídas con linguaxe multimedia para soportes móbiles.

Na valoración global da materia teranse en conta os exercicios realizados na presente unidade didáctica e nas cinco restantes e o exame teórico final. Os instrumentos da avaliación de contidos serán, en liñas xerais, dous: as prácticas realizadas durante as clases interactivas e de seminario, que suporán o 60 % da cualificación, e a proba final, que terá un peso do 40 %. En relación coas prácticas hai que diferenciar varios tipos:

- exercicios individuais ou grupais relacionados cos contidos de cada unha das unidades didácticas (20 %)
- práctica grupal final: desenvolvemento dunha reportaxe multimedia interactiva (30 %)
- participación activa do alumnado da aula (10 %): valorarase positivamente a interacción dos estudantes na aula, principalmente nas actividades relacionadas cos debates arredor dos conceptos teóricos analizados.

Para a avaliación das actividades empregarase, como instrumento, unha rúbrica. A continuación preséntanse os criterios de valoración que se seguirán á hora de corrixir cada un dos exercicios.

Táboa 1: Rúbrica de avaliación para a tarefa do debate

	Nivel 3 (2,5 puntos)	Nivel 2 (1,25 puntos)	Nivel 1 (0 puntos)
Fondo	Presenta as ideas de maneira clara e creativa aportando variadas fontes documentais e definindo con contundencia as evidencias aportadas. Ademais, relaciona os contidos cos casos explicados nas sesións teóricas.	Presenta as ideas de maneira clara pero abusa das mesmas fontes e non define con contundencia as evidencias aportadas. Non relaciona os contidos cos casos explicados nas sesións teóricas.	Presenta as ideas de maneira desordenada e non cita ningunha referencia documental que fundamente os argumentos expostos. Non relaciona os contidos cos casos explicados nas sesións teóricas.

	Nivel 3 (2,5 puntos)	Nivel 2 (1,25 puntos)	Nivel 1 (0 puntos)
Forma interna	O discurso é coherente e ordenado seguindo a estrutura de exposición, nó e conclusión. Ademais, utiliza comezos cativadores e finais contundentes e bota man dos recursos lingüísticos e estilísticos con propósitos persuasivos. Aмоса unha gran capacidade discursiva.	O discurso é coherente e ordenado seguindo a estrutura de exposición, nó e conclusión. Non emprega comezos cativadores e finais contundentes e амоса dificultades á hora de utilizar os recursos lingüísticos e estilísticos con propósitos persuasivos.	O discurso carece dunha orde e estruturas claras. Non se empregan recursos lingüísticos nin estilísticos propios do xénero do debate.
Forma externa	O estudante exprésase con naturalidade e expresividade e domina os xestos, o ton, a voz e os silencios.	O estudante exprésase con naturalidade e expresividade pero ten dificultades á hora de xesticular ou de modular o ton, a voz e os silencios.	O estudante non se expresa con naturalidade e expresividade.
Debate	O alumnado respecta as quendas e os tempos de concesión da palabra, participa activamente realizándolle preguntas ao equipo contrario e sabe responder con contundencia nos momentos de réplica. Aмоса unha boa actitude co resto.	O alumnado respecta as quendas e os tempos de concesión da palabra, pero non participa activamente realizándolle preguntas ao equipo contrario e амоса unha actitude dubitativa nos momentos de réplica. Aмоса unha boa actitude co resto.	O alumnado non respecta as quendas e os tempos de concesión da palabra e non participa activamente realizándolle preguntas ao equipo contrario ou respondendo con contundencia nos momentos de réplica.

Fonte: Elaboración propia

Táboa 2: Rúbrica de avaliación para a tarefa dos microformatos móbiles

	Nivel 3 (2,5 puntos)	Nivel 2 (1,25 puntos)	Nivel 1 (0 puntos)
Pertinencia	O alumnado relaciona de maneira correcta as informacións de actualidade cos microformatos móbiles. Escóllese a narrativa axeitada para difundir o contido. Presenta un deseño limpo e claro e a estrutura de navegación é coherente e intuitiva.	O alumnado relaciona de maneira correcta as informacións de actualidade cos microformatos móbiles. Escóllese a narrativa axeitada para difundir o contido. Porén, o deseño é desordenado e a estrutura presenta problemas respecto ao sistema de navegación.	O alumnado non relaciona de maneira correcta as informacións de actualidade cos microformatos móbiles. Non se escolle a narrativa axeitada para difundir o contido.

	Nivel 3 (2,5 puntos)	Nivel 2 (1,25 puntos)	Nivel 1 (0 puntos)
Recursos multimedia	Os estudantes incorporan os recursos multimedia pertinentes mantendo os principios básicos da linguaxe audiovisual (planos, encadres, ángulos, etc.).	Os estudantes incorporan os recursos multimedia pertinentes pero non manteñen os principios básicos da linguaxe audiovisual (planos, encadres, ángulos, etc.).	Os estudantes non incorporan recursos multimedia coherentes e tampouco manteñen os principios básicos da linguaxe audiovisual (planos, encadres, ángulos, etc.).
Contido	O contido axústase aos requirimentos dos microformatos en canto á extensión e recursos e é de calidade (non se presentan ideas repetitivas ou superfluas).	O contido axústase aos requirimentos dos microformatos en canto á extensión e recursos pero as ideas son repetitivas ou superfluas.	O contido non se axusta aos requirimentos dos microformatos e as ideas son repetitivas e superfluas.
Redacción	Os contidos axústanse ás normas ortográficas e a redacción e a organización de ideas segue a preceptiva xornalística.	Os contidos presentan máis de cinco faltas ortográficas e a redacción e a organización de ideas segue a preceptiva xornalística.	Os contidos non se axustan ás normas ortográficas e a redacción e a organización de ideas non segue a preceptiva xornalística.

Por último, o exame final consistirá no desenvolvemento de cinco preguntas de resposta curta relacionadas coas unidades I, II, III, IV e VI. Exclúese a unidade V por ter un enfoque máis práctico. O peso que terá a unidade IV na proba final é do 20 %.

BIBLIOGRAFÍA

- AGUADO, Juan Miguel (2020): *Mediaciones ubicuas. Ecosistema móvil, gestión de identidad y nuevo espacio público*, Barcelona: Gedisa.
- AHONEN, Tomi (2008): *Mobile as 7th of the Mass Media: Cellphone, cameraphone, iPhone, smartphone*, London: Futuretext.
- BURUM, Ivo e Stephen QUINN (2015): *MOJO: The Mobile Journalism Handbook: How to Make Broadcast Videos with and iPhone or iPad*, Waltham: Focal Press.
- BRUN, K (2013): «What's mobile in mobile communication?», *Mobile Media & Communication*, 1, 26-31.
- CANAVILHAS, João (2013): *Jornalismo e tecnologias móveis*, Covilhã: Labcom.
- CEBRÍAN HERREROS, Mariano e Jesús Miguel FLORES VIVAR (2012): *Periodismo en la telefonía móvil*, Madrid: Fragua.
- STEWART, Peter (2017): *The Live-Streaming Handbook: How to create live video for social media on your phone and desktop*, New York: Routledge.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA